



O PRESIDENTE
da Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia-ACVG
Antonio Crespo Iglesias

Comprácelle invitalo/a á sesión académica pública por videoconferencia que terá lugar o vindeiro día **21 de xaneiro de 2021, xoves as 18.00 horas**, na que se pronunciará a conferencia:

“CARACTERIZACIÓN GENÓMICA DE LAS RAZAS BOVINAS MORENAS GALLEGAS” a cargo de **D. Óscar Cortés Gardyn**, profesor titular no departamento de ciencia animal da facultade de Veterinaria da Universidade Complutense de Madrid-UCM.

Santiago, 7 de xaneiro de 2021

Óscar Cortés é doutor en Veterinaria pola Universidade Complutense de Madrid (UCM). Colaborador en proxectos europeos centrados na avaliación de xenos candidatos nas características da carne de vacún e a conservación dos recursos zootécnicos nas zonas rurais. Foi profesor e coordinador das asignaturas de Xenética e Melloramento xenético de razas gandeiras na Facultade de Veterinaria da Universidade Alfonso X El Sabio e na actualidade é profesor titular na Facultade de Veterinaria da Universidade Complutense de Madrid. Toda a súa carreira investigadora está centrada na conservación e caracterización dos recursos zootécnicos. Dende o 2007 é coordinador do programa de cría do Pura Sangre Español-PSE.

É revisor de proxectos de investigación a nivel nacional e internacional. Membro da rede CONBIAND, da Sociedade de Recursos Genéticos Animales-SERGA e do grupo de investigación “Nutrigenómica Animal” da UCM e pese a súa xuventude xa foi director de 4 teses e máis de 10 proxectos de fin de grao e máster.

O Dr. Óscar Cortés, vai a desenvolver nesta conferencia o traballo feito e publicado o 23 de outubro de 2020 na revista **ANIMALS**, **“Genomic Characterization of a Set of Iberian Peninsula Bovine Local Breeds at Risk of Extinction: Morenas Gallegas”** sendo o primeiro estudo feito sobre xenómica e as razas Morenas Galegas.

Solicitude de enlace **zoom co seu nome** o correo oficial da ACVG racvg@racvg.com antes do 21/01/2020, indicando no asunto **“ALTA SESIÓN ACVG 21/01/2021”**

Recibirán enlace o mesmo día da sesión entre as 17.30 horas e 17.55 horas.



Colabora na difusión de este acto o Consello Galego de Colexios Veterinarios